

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEDEUME

Corrección de erros do anuncio de "Aprobación de criterios de interpretación en relación aos usos no ámbito PEPR."

Corrección de erros do anuncio de "Aprobación de criterios de interpretación en relación aos usos no ámbito PEPR."

Publicado no BOP nº 80 de 29 de abril de 2019, o anuncio do Concello de Pontedeume de "Aprobación de criterios de interpretación en relación aos usos no ámbito PEPR."

Téndose detectado un erro no dito anuncio, en tanto que se omite o pe de recursos ao acordo adoptado polo Pleno en sesión ordinaria celebrada o 25.04.2019.

Mediante o presente, rectifícase o erro, coa engádegas ao dito anuncio do seguinte:

"Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer,

1.- Con carácter potestativo recurso de reposición, no prazo dun mes, a partires do día seguinte ao que reciba a presente notificación, ante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, todo elo conforme ao establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2.- Recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a partires do día seguinte ó da notificación do acto de resolución do recurso de reposición, se fose expreso, se fose presunto, o prazo será de seis meses a partires do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto. Sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.

O recurso contencioso-administrativo pódese interpoñer ante o Xulgado do Contencioso-administrativo, de acordo co artigo 8.1 da Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa."

O que se publica para xeral coñecemento e aos efectos oportunos.

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Pontedeume a 30 de abril de 2019.

2019/3382